

Memoria resumen modificaciones do **Máster Universitario en Tradución Multimedia**

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 11 páxinas

## RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

### 1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

As modificacións propostas para o Máster Universitario en Tradución Multimedia atenden a dous obxectivos principais: 1) adecuar a modalidade de impartición ao Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e 2) actualizar e reestruturar contidos para atender á evolución das demandas sociais e das empresas do sector, mantendo os obxectivos e resultados de aprendizaxe, que seguen vixentes no contexto actual.

Atendendo a este obxectivo, as modificacións solicitadas son as seguintes:

1. Adecuación da modalidade de impartición do título que, tendo en conta a carga docente de horas non presenciais da titulación, debe ser virtual, segundo o establecido no RD 822/2021.
2. Reformulación da redacción dos obxectivos e resultados de aprendizaxe para adecualos á recomendada actualmente polas axencias de calidade.
3. Reformulación da redacción dos perfís de egreso para adecualos á redacción con perspectiva de xénero.
4. Substitución das antigas competencias por resultados de aprendizaxe para o deseño do título ao disposto no RD 822/2021.
5. Cambios na carga crediticia de materias obrigatorias para incrementar lixeiramente a optatividade sen incrementar o profesorado necesario e garantindo un perfil común de egreso.
6. Reorganización dos resultados de aprendizaxe e dos contidos do título mediante a reestruturación de módulos e materias para dar maior peso e relevancia a modalidades, especialidades e procesos de tradución multimedia que actualmente contan con máis demanda e garantir unha formación orientada á consecución dunha sociedade inclusiva e equitativa.

### 2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

O Máster Universitario en Tradución Multimedia ofrece un tramado coherente de estudos con áreas e técnicas que se complementan. Todos os módulos e materias do programa contribúen ao obxectivo de formar o estudiantado dun modo integral na tradución de contornas multimedia. A natureza, os obxectivos, os perfís de egreso e os resultados de aprendizaxe do título seguen a estar vixentes, mais é preciso introducir modificacións na titulación para adecualos ao marco normativo e social actual, moi diferente do que existía no ano 2010, en que se verificou a titulación. Dende 2010, non se solicitaron modificacións, polo que cómpre neste momento modificar certos aspectos, nomeadamente a modalidade de impartición, a estrutura do plan de estudos, a redacción da memoria, a organización dos resultados

de aprendizaxe e dos contidos. Para iso, a Comisión Académica do Mestrado revisou a memoria inicial da titulación dende a perspectiva académica, social, laboral e normativa actual e decidiu solicitar as modificacións que se xustifican a continuación:

- Modalidade de impartición: Adecuación da modalidade de impartición de semipresencial a virtual, con arranxo ao disposto no RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. Dende a súa implantación ata o momento presente, o Máster Universitario en Tradución Multimedia impartíuse en modalidade semipresencial, cunha carga de docencia presencial do 11% do total dos créditos impartidos e unha proporción de créditos non presenciais do 89%. Conforme ao RD 822/2021, a proporción de créditos non presenciais para que un título teña a consideración de virtual é de, polo menos, un 80% da carga crediticia total do título, condición que o Máster Universitario en Tradución Multimedia cumpre dende os seus inicios. Xa que logo, cómpre modificar a modalidade de impartición da semipresencial da memoria vixente á modalidade virtual ou non presencial para adecuala á normativa actual. Este cambio está apoiado polo desenvolvemento de tecnoloxías que posibilitan a impartición de docencia virtual síncrona e a gravación e posta a disposición dos materiais e das clases para o alumnado, que en moitos casos simultanea os seus estudos co desenvolvemento dun traballo. Por outra banda, a flexibilidade da modalidade de impartición do título é un dos aspectos máis valorados polo estudantado nas enquisas de satisfacción. Asemade, a asistencia ás sesións presenciais por parte do alumnado da titulación, ao longo dos 13 cursos de implantación non chegou ao 50% debido en grande medida á procedencia dispar do alumnado, aos custos de desprazamento e á simultaneidade coa actividade laboral desenvolvida polo alumnado. Finalmente, o nivel de desenvolvemento tecnolóxico actual, co Campus Remoto e a plataforma MooVi, é moi superior ao de 2010, o que nos permite mellorar o acceso do alumnado ás ensinanzas, especialmente a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que nos permitirá incluír clases virtuais síncronas.
- Reformulación da redacción dos obxectivos e resultados de aprendizaxe para adecuala á recomendada actualmente polas axencias de calidade. Na memoria de 2010, os obxectivos de aprendizaxe estaban redactados, excepto no caso do obxectivo xeral do máster, dende o punto de vista do estudantado, polo que se substituíron os verbos de cada obxectivo para adecualos á perspectiva do profesorado. Mantéñense os obxectivos cos seguintes cambios na redacción (marcados en negra):

**Memoria vixente**

**Proposta de modificación**

<b>Conocer</b> las distintas modalidades de localización y traducción audiovisual, sus etapas y sus técnicas	<b>Presentar</b> las distintas modalidades de localización y traducción audiovisual, sus etapas y sus técnicas
<b>Conocer</b> las distintas herramientas informáticas para llevar a cabo con éxito actividades de localización y traducción audiovisual en sus distintas modalidades.	<b>Dar a conocer</b> las distintas herramientas informáticas para llevar a cabo con éxito actividades de localización y traducción audiovisual en sus distintas modalidades.
<b>Conocer</b> modelos de análisis que permitirán realizar críticas rigurosas, siempre en busca de la calidad del producto final traducido.	<b>Proporcionar al estudiantado</b> modelos de análisis que permitirán realizar críticas rigurosas, siempre en busca de la calidad del producto final traducido.
<b>Conocer</b> el entorno empresarial que da salidas profesionales a los especialistas en traducción y localización multimedia	<b>Presentarle al estudiantado</b> el entorno empresarial que da salidas profesionales a los especialistas en traducción y localización multimedia

- Reformulación da redacción dos perfís de egreso para adecuala á redacción con perspectiva de xénero: mantéñense os perfís de egreso mais modifícase lixeiramente a súa redacción. Así, substitúense os susbtantivos masculinos que designan a profesión (*gestor, traductor, localizador*) polos substantivos non marcados que designan a actividade (*gestión, traducción, localización*).
- Substitución das antigas competencias por resultados de aprendizaxe para conformar o deseño do título ao disposto no RD 822/2021. O marco normativo e educativo aplicable á redacción das memorias de verificación das titulacións cambiou substancialmente dende o ano 2010. O RD 822/2021 contempla as antigas competencias como un tipo de resultado de aprendizaxe das titulacións, polo que non se poden manter as competencias da titulación tal como figuraban na memoria de 2010. Por outra banda, o número de competencias contemplado na memoria vixente, 72, moitas veces repetitivas, é excesivo a todas luces. A experiencia no deseño de titulacións e na implementación do Máster Universitario en Tradución Multimedia proporciónannos unha perspectiva clara e máis centrada no estudiantado que nos permite definir con moita maior concreción os resultados de aprendizaxe asociados aos obxectivos do título. Xa que logo, propóñense e clasifícanse 22 resultados de aprendizaxe na titulación que sintetizan as 72 competencias existentes na memoria inicial e se axustan á

contorna social e laboral actual e ás recomendacións de redacción de resultados de aprendizaxe:

1. Definir los conceptos básicos relacionados con las tecnologías y los recursos aplicables a la traducción multimedia.
2. Manejar los conceptos básicos relacionados con las tecnologías y los recursos aplicables a la traducción multimedia.
3. Reconocer las principales tecnologías y recursos dentro de la traducción multimedia y su conexión con ámbitos como la informática, la terminología, la documentación, la traducción automática o la internacionalización.
4. Emplear con destreza las tecnologías y los recursos más relevantes en los contextos profesionales.
5. Identificar los contextos culturales implicados.
6. Identificar problemas de traducción.
7. Aplicar las técnicas y estrategias apropiadas para resolver los problemas de traducción.
8. Identificar las prácticas profesionales del sector de la traducción multimedia.
9. Gestionar proyectos de traducción multimedia.
10. Aplicar métodos analíticos que permitan obtener traducciones de calidad y evaluar la calidad de traducciones existentes atendiendo a los distintos contextos culturales.
11. Trabajar en equipo.
12. Diferenciar la tipología de textos multimedia y su estructura y los conceptos básicos de la traducción multimedia.
13. Demostrar dominio de los conceptos básicos de las modalidades de la traducción multimedia.
14. Diferenciar las características del campo de la divulgación especializada.
15. Organizar adecuadamente el flujo de trabajo en la traducción de contenidos multimedia desde su inicio hasta su presentación final.
16. Crear productos accesibles de calidad atendiendo a los diferentes contextos culturales.
17. Identificar nuevas tendencias en el ámbito de la traducción multimedia.
18. Cooperar en la creación de una sociedad inclusiva y equitativa.
19. Trabajar con perspectiva de género.
20. Ser capaz de resolver problemas en un entorno interdisciplinar desarrollando al máximo las posibilidades creativas y formales.
21. Desarrollar un trabajo de investigación que se ajuste a los requisitos de forma y contenido del discurso académico.
22. Defender un trabajo de investigación ante públicos especializados y no especializados.

- Cambios na carga crediticia de materias obrigatorias para incrementar lixeiramente a optatividade sen incrementar o profesorado necesario e garantindo un perfil común de egreso. Na memoria vixente da titulación ofrécense 6 materias optativas, das que o alumnado debe escoller 5, polo que a optatividade é case inexistente. Na modificación da titulación buscamos lograr un lixeiro incremento da optatividade sen incrementar o cadro de persoal necesario e garantindo un perfil común de egreso. Para

iso, reorganizáronse algunhas materias obrigatorias e reduciuse a carga crediticia obrigatoria de 30 créditos a 24 créditos obrigatorios comúns (todas as materias do módulo práctico e o 33% das materias do módulo de fundamentos da tradución multimedia). Ademais, o deseño dos módulos previu de tal maneira que o estudiantado deba cursar disciplinas de todos eles e que, das 8 materias optativas, deba escoller 6. Dado o número créditos comúns e a escasa optatividade, o perfil común de egreso queda garantido. As modificacións específicas introducidas nas materias descríbense no seguinte punto, en que se xustifica a reorganización dos resultados de aprendizaxe e dos contidos do título.

- Reorganización dos resultados de aprendizaxe e dos contidos do título mediante a reestruturación de módulos e materias para dar maior peso e relevancia a modalidades, especialidades e procesos de tradución multimedia que actualmente contan con máis demanda e garantir unha formación orientada á consecución dunha sociedade inclusiva e equitativa. Mantense a estrutura do título nun único curso de 60 créditos, distribuídos en catro módulos conformados por materias de 6 créditos cada un.

No nivel de módulo, introdúcense as seguintes modificacións:

- Denominación dos módulos: 1) fundamentos da tradución multimedia, 2) localización, 3) accesibilidade e 4) práctico. Os módulos 2 e 4 manteñen a denominación, mentres que o 1 e o 3 se modifican para adecualos aos resultados de aprendizaxe e contidos das materias que inclúen. Por unha banda, o nome “Fundamentos da tradución multimedia” permítenos facer unha distinción entre a profundidade e amplitude de coñecemento deste módulo e a dos restantes, o que se revelará útil para nivelar o perfil de ingreso do alumnado segundo a súa titulación de acceso. A tal efecto, introdúcense dúas materias optativas neste módulo, que se cursarán no primeiro cuadrimestre, especialmente pensadas para o alumnado procedente de titulacións diferentes ao Grao en Tradución e Interpretación. Por outra banda, eliminamos o módulo denominado “Audiovisual” porque todas as modalidades impartidas no máster son, de feito, audiovisuais, polo que consideramos que esta denominación pode resultar enganosa para o estudiantado no momento de matricularse nas materias dos distintos módulos. A introdución da denominación “accesibilidade” responde á reorganización das materias que describiremos no seguinte punto e oriéntase a pór maior énfase nunha modalidade moi demandada no mercado actualmente, e a garantir unha formación orientada á consecución dunha sociedade inclusiva e equitativa.
- Número de materias por módulo e carácter das materias: se no plan de estudos vixente se contemplaban 3 módulos de 18 créditos e 1

de 12, na modificación proposta contémpanse 4 módulos de 18 créditos cada un. Esta reorganización débese a dúas razóns: o incremento de créditos ofertados, que pasan de 66 a 72, e o incremento da carga práctica no máster, destinada a satisfacer unha demanda tanto do alumnado como das empresas colaboradoras ao longo dos 13 cursos de implantación do título. Deste xeito, o módulo práctico pasa a incluír 3 materias obrigatorias de 6 créditos e incorpora unha materia de proxectos de tradución multimedia, orientada a mellorar a empregabilidade do alumnado.

- Cuadrimestre de impartición: os cuadrimestres de impartición das materias modifícanse para axustalos aos módulos impartidos, de xeito que o módulo de fundamentos e os de localización se imparten no primeiro cuadrimestre e o de accesibilidade e o práctico se imparten no segundo. Deste xeito, evítase impartir en cuadrimestres separados materias do mesmo módulo, como acontece actualmente. Esta medida mellora a coherencia da titulación.

No nivel de materia, introdúcense os seguintes cambios:

- Fusión das materias obrigatorias “Novas tecnoloxías e tradución multimedia” e “Recursos documentais para a tradución multimedia” nunha única materia obligatoria de 6 créditos denominada “Tecnoloxías e recursos para a tradución multimedia”. Esta modificación vén propiciada pola duplicación de resultados de aprendizaxe e contidos que se viña observando no desenvolvemento do plan de estudos vixente, xa que todas as materias do máster inclúen resultados de aprendizaxe e contidos relativos ás tecnoloxías e aos recursos necesarios para desenvolver tarefas de tradución multimedia. Con todo, considerouse necesario manter 6 créditos obrigatorios para nivelar o perfil de ingreso do alumnado procedente de distintas titulacións e establecer os fundamentos comúns a todas as materias.
- Supresión da materia “Aspectos Interculturais para a Tradución Multimedia”. Esta modificación vén propiciada por dous factores: a) a duplicación de resultados de aprendizaxe e contidos relacionados coa materia, xa que todas as materias inclúen resultados de aprendizaxe e contidos de cultura e b) o perfil de ingreso de alumnado do máster. Cando se implantou o Máster Universitario do Máster en Tradución Multimedia non se remataran de implantar os actuais Graos en Tradución e Interpretación, polo que o estudantado que accedía ao máster procedía fundamentalmente da Licenciatura en Tradución e Interpretación, onde non se impartían contidos específicos de cultura para tradución, ou do ámbito profesional. Hoxe en día, a maioría do alumnado que cursa o máster procede do Grao en Tradución e Interpretación ou dos Graos en Linguas Estranxeiras ou Modernas. Este alumnado xa cursou contidos



específicos de cultura nos seus estudos de procedencia, polo que se fai menos necesaria unha materia obrigatoria de fundamentos teóricos de cultura. Por este motivo, os aspectos interculturais da tradución multimedia incorpóranse á titulación de maneira transversal a través de catro resultados de aprendizaxe que se contemplan nas distintas materias:

- **Identificar los contextos culturales** implicados.
- **Aplicar métodos analíticos** que permitan obtener traducciones de calidad y evaluar la calidad de traducciones existentes **atendiendo a los distintos contextos culturales**.
- Reconocer las principales tecnologías y recursos dentro de la traducción multimedia y su conexión con ámbitos como la informática, la terminología, la documentación, la traducción automática o la **internacionalización**.
- **Crear productos accesibles de calidad atendiendo a los diferentes contextos culturales**.

A totalidade das materias do plan de estudos contemplan resultados de aprendizaxe relacionados cos contextos culturais, posto que a tradución multimedia e a localización son, en esencia, actividades que levan inherente a cultura.

- Inclusión dunha materia obrigatoria de “Proxectos de tradución multimedia”: o incremento da carga práctica e da inclusión de resultados de aprendizaxe directamente relacionados coa práctica profesional é unha demanda histórica do alumnado do Máster en Tradución Multimedia e das empresas que colaboran na materia de Prácticas. Dende a Comisión Académica do Máster consideramos que unha materia dedicada á xestión integral de proxectos de tradución dende o seu inicio ata a entrega final do produto en condicións que reproduzan a práctica profesional potencia todos os perfís de egreso do máster, contribúe a unha visión interdisciplinar do traballo e mellora a empregabilidade do estudantado. Consideramos que esta materia facilitará a posta en relación de todo o aprendido nas materias obrigatorias e optativas empregando metodoloxías docentes integradas e axudará a achegar a universidade ás necesidades da sociedade e da empresa.
- Fusión das materias “Dobraxa” e “Subtitulado” nunha única materia optativa de 6 créditos denominada “Fundamentos de dobraxe e subtitulado”. Esta materia está orientada a nivelar o perfil de ingreso do alumnado procedente de titulacións diferentes ao Grao en Tradución e Interpretación, unha necesidade detectada ao longo dos 13 cursos de implantación do plan de estudos vixente. A formación dispar do alumnado que accede ao máster fixo que se introducisen dous niveis (iniciación e avanzado) nas materias de “Dobraxa” e



“Subtitulado” para poder atender ás necesidades do alumnado que accede ao máster dende o Grao en Tradución e Interpretación, que xa cursara materias relacionadas con estas disciplinas, e o alumnado procedente doutros graos, que non tiñan coñecementos deste tipo. No nivel avanzado, inclúíanse xa contidos de accesibilidade aplicados a estas modalidades de tradución multimedia, como subtitulado para persoas xordas. Por este motivo, decidiuse formalizar esta división mediante a inclusión dunha materia de fundamentos de dobraxe e subtitulado, recomendada a alumnado non procedente do Grao en Tradución e Interpretación, e incorporar unha materia específica de subtitulado para persoas xordas e lectura fácil e outra de audiodescrición orientadas a persoas con coñecementos previos de dobraxe e subtitulado para profundar nestas modalidades de tradución multimedia que están moi demandadas no contexto actual e que se prevé que o sigan estando nos vindeiros anos.

- Inclusión dunha materia optativa de “Producións accesibles”, que sintetiza os fundamentos da tradución audiovisual accesible, antes tratados en materias como subtitulación, e proporciona formación no ámbito da accesibilidade audiovisual nas diferentes fases da produción audiovisual. Esta materia achega o estudantado a un dos sectores estratéxicos de Galicia, o audiovisual e explora formas de colaboración entre creadores audiovisuais e tradutores expertos en accesibilidade e de novas tendencias neste eido. A materia ofértase para aumentar a optatividade e completar a formación de tradutores audiovisuais en todas as modalidades.
- Incorporación dun módulo de accesibilidade: como resultado das modificacións descritas no punto anterior e coa finalidade de pór maior énfase na accesibilidade e garantir unha formación orientada á consecución dunha sociedade inclusiva e equitativa, inclúíuse un módulo de accesibilidade que agrupa todos os resultados de aprendizaxe orientados á consecución dun perfil profesional de tradución audiovisual en todas as modalidades e para todas as persoas, independentemente das súas capacidades, algo que demandaban as institucións e empresas de prácticas colaboradoras do máster e para o que o estudantado recibía formación insuficiente, segundo se extrae das memorias de prácticas do estudantado do máster. Ademais, en canto á formación nestas disciplinas, non abunda nos programas de máster en España, malia a súa demanda cada vez máis crecente. Destacan en SpS e AD a Universitat Autònoma de Barcelona (con módulos de SpS e AD que se inician en 2004-2005 no Máster de Tradución audiovisual) e o Instituto Superior de Estudos Lingüísticos e Tradución (ISTRAD) de Cádiz no Máster en Tradución Audiovisual. Ningunha destas dúas institucións oferta, neste momento, contidos en LF aplicada á accesibilidade audiovisual. A formación en LF ten moita menos tradición en España

e parte practicamente toda ela das asociacións. Os referentes son Plena Inclusión, que realiza con frecuencia en diferentes puntos do país cursos sobre accesibilidade cognitiva, elaboración de textos en LF e cursos destinados a validadores (persoas con discapacidade intelectual). No nivel de ensino superior, organizáronse algúns cursos e sesións formativas menores (Universidade de Granada, 2018: Curso Formación en Lectura Fácil como estrategia educativa en la Universidad; Universidad de Valladolid, 2020: XIII Talleres de Lenguaje y Comunicación. Lectura Fácil: Herramienta de comprensión; Universidade de Murcia, 2020: curso Ocio y discapacidad: un camino hacia la inclusión. Accesibilidad cognitiva: espacios comprensibles); porén, a inclusión da LF en guías docentes de títulos de máster das universidades españolas é, sen dúbida, anecdótica. O Máster Universitario en Tradución Multimedia da UVigo sería pioneiro en incluír estes contidos cada vez máis necesarios para o que o acceso aos medios audiovisuais sexa para todas as persoas, independentemente das súas capacidades. Deste xeito, a Universidade de Vigo contribuiría ao desenvolvemento da Axenda 2030 formando egresados comprometidos cunha sociedade diversa e heteroxénea. A inclusión destes contidos de maneira específica no Máster Universitario en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo está orientado a xerar un impacto positivo na transformación de sociedades inclusivas e equitativas desde todos os perfís profesionais asociados ao máster.

De acordo co anteriormente exposto, coas modificacións propostas para o Máster Universitario en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo, axustamos os resultados de aprendizaxe e os contidos á súa importancia no mercado actual e ás previsións futuras, sen alterar a natureza do título, nin os seus obxectivos ni o perfil de egreso dos titulados, situamos as necesidades das persoas con discapacidade visual, auditiva e cognitiva ao mesmo nivel dentro da tradución multimedia que as necesidades das persoas sen discapacidade, e facilitamos o acceso á formación a estudantes de todo o mundo. Por todo isto, consideramos que a proposta é adecuada, que se axusta ao perfil do profesorado actual do máster e que a súa implantación non comporta necesidades dotacionais adicionais.

### 3 Planificación de implantación (cronograma).

O plan de estudos proposto implantarase no curso 2024-25. Por tratarse dun título dun único curso, non é necesario un cronograma de implantación plurianual. Non existen ensinanzas que se extingan, mais a estrutura do plan de estudos modifícase, polo que é necesario establecer o procedemento de adaptación detallado no apartado 4.

### 4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

Con relación ó recoñecemento de estudos previos por parte do estudantado que se matricule neste máster universitario, a Comisión Académica do Máster será competente para decidir acerca do recoñecemento das disciplinas do plan de

estudios cursadas con anterioridade, logo de informe do coordinador da materia e a súa posible validación, por solicitude da persoa interesada.

Neste sentido, rexerá o seguinte cadro de adaptacións:

ASIGNATURAS CURSADAS NO PLAN DE ESTUDOS DE 2010		ASIGNATURAS POLAS QUE SE RECOÑECEN NO PLAN DE ESTUDOS PROPOSTO
Asignatura	ECTS	Asignatura
Novas tecnoloxías para a tradución multimedia	6	Proxectos de tradución multimedia
Recursos documentais para a tradución multimedia	6	Tecnoloxías e recursos para a tradución multimedia
Aspectos interculturais da tradución multimedia	6	Producións accesibles
Dobraxaxe	6	Fundamentos de dobraxe e subtitulado
Subtitulado	6	Subtitulado para persoas xordas e lectura fácil
<i>Voice-over</i> e tradución de documentais	6	Voces superpostas e tradución de documentais
Localización de páxinas web	6	Localización de páxinas web
Localización de programas informáticos	6	Localización de programas informáticos
Localización de videoxogos	6	Localización de videoxogos
Prácticas en empresas	6	Prácticas en empresas
Traballo de Fin de Máster	6	Traballo de Fin de Máster

## 5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

--

## 6 Responsable do título

José Montero Reguera (Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución)  
 Email: [fft.decan@uvigo.es](mailto:fft.decan@uvigo.es)